



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CULTURAL-MUSICAL DE ANTIGUOS TUNOS COMPOSTELANOS E AMIGOS DO MUSEO CASA DE LA TROYA PARA A COLABORACIÓN NOS GASTOS DE XESTIÓN DAS VISITAS DO MUSEO DA CASA DA TROIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Cultural-Musical de Antiguos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración nos gastos de xestión das visitas do Museo da Casa da Troia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, por canto se trata dunha actividade única e





especial por todo o que representa o Museo Casa da Troia dentro da cultura e historia compostelá e é a Asociación Cultural-Musical de Antigos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya a encargada de realizar e xestionar as visitas do Museo da Casa da Troia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 22 de marzo de 2018

